



Guía Docente				
Datos Identificativos				2014/15
Asignatura (*)	Idioma Moderno 4	Código	613G03049	
Titulación	Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5
Idioma	Francés			
Prerrequisitos				
Departamento	Galego-Portugués, Francés e Lingüística			
Coordinación	Regueiro Diehl, María Mercedes	Correo electrónico	mercedes.regueiro.diehl@udc.es	
Profesorado	Regueiro Diehl, María Mercedes	Correo electrónico	mercedes.regueiro.diehl@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>A materia ofrece formación teórica e práctica na descrición e no uso da lingua francesa, de maneira a garantir un dominio práctico da mesma. Nela se revisarán, consolidarán e ampliarán os principais aspectos fonéticos, gramaticais, léxicos e funcionais da lingua francesa, exercitados a través da práctica harmónica das 4 principais destrezas comunicativas (comprensión lectora e oral, produción escrita e oral), insistindo especialmente na comprensión oral de discursos de certa complexidade.</p> <p>Unha vez cubertos os contidos da materia, o alumnado deberá ter practicamente consolidadas as competencias do nivel B1+ segundo o especificado no Marco común europeo de referencia para as linguas do Consello de Europa.</p> <p>Estimularase a autonomía do alumnado e a súa capacidade de ser responsable no proceso de ensino-aprendizaxe.</p>			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A8	Ter dominio instrumental oral e escrito dunha segunda lingua estranxeira.
A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
	Ter un notable dominio do código ortográfico, da norma gramatical e do léxico máis común que permita construír discursos cun grao elevado de corrección e coherencia.	A8 A10 A15	B4 B8
Escribir textos claros e estruturados sobre unha ampla serie de temas do seu interese ou relacionados coa vida cotiá, aínda que de extensión e complexidade limitada.	A8 A10 A15	B4 B7 B8	C2 C4
Expresarse oralmente en situacións da vida cotiá ou académica con bastante claridade e eficacia e cun ritmo bastante uniforme.	A8 A10 A15	B4 B8	C2 C4



Ler de xeito comprensivo e con certo grao de autonomía textos variados, sempre que non traten de temáticas especializadas ou utilicen unha linguaxe específica.	A8 A10 A15	B4 B8	C2 C4
Comprender as ideas principais dun discurso oral lingüísticamente complexo que trate temas concretos ou abstractos razoablemente coñecidos e pronunciados cun nivel de lingua estándar.	A8 A10 A15	B4 B8	C2 C4

Contidos	
Temas	Subtemas
A. Gramática	<ol style="list-style-type: none"> 1. Adxectivos e pronomes indefinidos. 2. O "gérondif" e o "participe présent". 3. A expresión da concesión e da oposición. 4. O verbo: a correlación temporal. 5. O indicativo, o subxuntivo e o infinitivo nas subordinadas. 6. Principais conectores para a organización dos textos escritos.
B. Obxectivos comunicativos	<ol style="list-style-type: none"> 1. Resumir, interpretar, comentar e valorar diferentes tipos de discursos. 2. Expoñer e xustificar/criticar tomas de decisións, posturas, ideas, comportamentos... 3. Preguntar e responder sobre sucesos, experiencias... 4. Interactuar e reaccionar adecuadamente en diversos contextos. 5. Adecuar a entoación ás intencións comunicativas. 6. Solucionar dificultades expresivas.
C. Léxico	<ol style="list-style-type: none"> 1. Identificación e caracterización de persoas, obxectos e situacións. 2. Relacións humanas e sociais. 3. Organización social e servizos públicos: formularios administrativos frecuentes. 4. Siglas e abreviaturas de uso frecuente. 5. O CV e a carta de presentación/motivación. 6. Expresións idiomáticas e frases feitas.

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	1	0	1
Discusión dirixida	12	20	32
Lecturas	0	10	10
Proba obxectiva	0	10	10
Proba oral	0	6	6
Sesión maxistral	7	10	17
Solución de problemas	12	20	32
Atención personalizada	4.5	0	4.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Primeira toma de contacto coa materia, na que se desenvolven actividades destinadas a obter información relevante sobre o alumnado e sobre as súas competencias de partida, co fin de articular a docencia de xeito que se favorezan aprendizaxes eficaces e significativas, que partan dos saberes previos e intereses do alumnado.



Discusión dirixida	<p>Nesta materia chámase discusión dirixida as aulas e actividades relacionadas coa práctica das destrezas orais (expresión oral, comprensión oral e interacción oral). Estas actividades lévanse a cabo en grupos pequenos e están a cargo do-da profesor-a lector-a.</p> <p>MOI IMPORTANTE: a realización e o aproveitamento destas actividades é fundamental nesta materia, pois é nelas onde se aplican efectivamente as destrezas e os coñecementos adquiridos. Ademais das actividades que se leven a cabo durante as clases, normalmente por cada sesión presencial de clase o alumnado deberá realizar unha actividade.</p> <p>Estas actividades teñen asignada unha porcentaxe moi importante da nota final da materia (ver apartado &quot;Avaliación&quot; desta guía).</p>
Lecturas	Ademais da lectura de textos (literarios, de revistas, de xornais...) nesta materia entendemos por lectura todo o material que o alumnado deberá ler/consultar fóra da aula para a adquisición e asimilación dos contidos e para a realización das actividades da materia.
Proba obxectiva	Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe. Permitirá avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, etc. en todas as destrezas. Esta proba obxectiva combinará distintas tipoloxías de preguntas.
Proba oral	Proba en que se avalían as competencias comunicativas do alumnado mediante unha pequena conversa ou entrevista individual. O alumnado terá tamén que ler un texto en voz alta e improvisar situacións suxeridas polo-a profesor-a responsable da proba, que poderá usar textos ou material audiovisual de apoio.
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesorado dos contidos relativos a cada un dos temas e subtemas, co apoio de medios audiovisuais e documentación adicional.
Solución de problemas	<p>Nesta materia chámase solución de problemas as aulas e actividades relacionadas coa gramática e coa práctica da comprensión lectora e da expresión escrita.</p> <p>MOI IMPORTANTE: a realización e o aproveitamento destas actividades é fundamental nesta materia, pois é nelas onde se aplican efectivamente as destrezas e os coñecementos adquiridos. Ademais das actividades que se leven a cabo durante as clases, normalmente por cada sesión presencial de clase o alumnado deberá realizar unha actividade (exercicio de gramática, redacción, resumo, tradución?).</p> <p>Estas actividades teñen asignada unha porcentaxe moi importante da nota final da materia (ver apartado &quot;Avaliación&quot; desta guía).</p>

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Proba oral	<p>A atención personalizada será unha constante nesta materia, na que prima a aplicación dos coñecementos adquiridos. O profesorado fará un seguimento particular de cada estudante, e prestará especial atención á súa adicación, ao seu interese por aprender e ao seu compromiso coa materia e co grupo.</p> <p>O profesorado poderá atender puntualmente e de forma individualizada aos-ás estudantes cando a actividade encomendada ou o seu desempeño así o aconsellen.</p> <p>Os-as estudantes poden acudir en horario de titorías e aulas ao profesorado para tratar todas as cuestións relacionadas coa materia que estimen pertinentes.</p> <p>Os horarios de titorías do profesorado da materia pódense consultar no taboleiro de horarios ou na páxina web da facultade.</p>
Sesión maxistral	
Lecturas	
Proba obxectiva	
Solución de problemas	
Discusión dirixida	

Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Proba oral	<p>Proba oral que o-a estudante realizará ao rematar o cuadrimestre.</p> <p>Ver en &quot;Observacións avaliación&quot; precisións e ponderacións máis detalladas.</p>	12
Proba obxectiva	<p>Probas escritas da parte práctica e da parte teórico-práctica que o-a estudante realizará nas datas oficiais marcadas polo centro ao rematar o cuadrimestre.</p> <p>Ver en &quot;Observacións avaliación&quot; precisións e ponderacións máis detalladas.</p>	42



Solución de problemas	Actividades da parte teórico-práctica (contidos gramaticais, expresión escrita e comprensión lectora). Inclúe a valoración da asistencia ás aulas. Ver en "Observacións avaliación" precisións e ponderacións máis detalladas.	30
Discusión dirixida	Actividades da parte práctica (léxico, expresión oral, comprensión oral, interacción oral). Inclúe a valoración da asistencia ás aulas. Ver en "Observacións avaliación" precisións e ponderacións máis detalladas.	16

Observacións avaliación



LEA

ATENTAMENTE A INFORMACIÓN QUE SEGUE:

1. O alumnado ten dúas oportunidades para aprobar a materia: a primeira ao remate do segundo cuadrimestre (3 xuño 2015), e a segunda no mes de xullo (16 xullo 2015). Estas datas oficiais deben ser contrastadas polo alumnado nos taboleiros oficiais ou na páxina web do centro inmediatamente antes de cada período de exames. 2. A materia está dividida en 2 partes: teórico-práctica [contidos gramaticais, comprensión lectora, expresión escrita] (60% da nota final) e práctica [léxico, expresión, comprensión e interacción oral] (40% da nota final). É necesario obter unha nota mínima global de 5 sobre 10 en cada parte para superar a totalidade da materia. No caso de aprobar só unha parte da materia na primeira oportunidade conservárase a nota para a segunda oportunidade de xullo. 2.1. En cada parte da materia é obrigatorio realizar e obter unha nota mínima de 5 sobre 10 nunha proba final escrita ao remate do 2º cuadrimestre (na data, hora e lugar recollidos no calendario oficial de exames da facultade). 2.2. Na parte práctica será ademais obrigatorio realizar e aprobar cunha nota mínima de 5 sobre 10 unha proba oral final, que se realizará ao remate do 2º cuadrimestre. O profesorado comunicará públicamente a data, hora e lugar de realización deste exame oral. 2.3. En cada parte da materia é obrigatorio realizar un conxunto de exercicios ou tarefas de práctica de todas as destrezas obxecto da materia. Normalmente por cada sesión presencial de clase o alumnado deberá realizar un exercicio práctico. Agás causa xustificada e sempre con autorización expresa do profesorado, non se admitirán as actividades entregadas fóra do prazo determinado para cada unha delas. Para que estas actividades poidan ser tidas en conta na cualificación final é preciso ter realizado e aprobado (nota media de 5 sobre 10) o 70% das actividades previstas antes da realización do exame da primeira oportunidade. 3. Tendo en conta o anteriormente exposto, a cualificación final do alumnado responderá ao seguinte reparto porcentual: 3.1. Parte teórico-práctica (60% da cualificación final): a) Un 50% da nota valorará o exame escrito (debe cumprir os requisitos do apartado 2.1). b) Un 45% valorará as actividades (deben cumprir os requisitos do apartado 2.3). c) Un 5% corresponderá á asistencia regular ás actividades presenciais e a valoración que mereza por parte do profesorado a participación do alumnado nas distintas actividades presenciais ou non presenciais. Esta parte considérase aprobada se a suma dos apartados a, b, c é igual ou superior a 5 sobre 10. Os contidos e destrezas dos apartados a, b desta parte da materia son recuperables, coas mesmas porcentaxes, na segunda oportunidade de xullo (ver apartado 4). 3.2. Parte práctica (40% da cualificación final): a) Un 30% valorará o exame escrito (debe cumprir os requisitos do apartado 2.1). b) Un 30% valorará o exame oral (debe cumprir os requisitos do apartado 2.2). c) Un 35% valorará as actividades (debe cumprir os requisitos do apartado 2.3). d) Un 5% corresponderá á asistencia regular ás actividades presenciais e a valoración que mereza por parte do profesorado a participación do alumnado nas distintas actividades presenciais ou non presenciais. Esta parte considérase aprobada se a suma dos apartados a, b, c, d é igual ou superior a 5 sobre 10. Os contidos e destrezas dos apartados a, b, c son recuperables, coas mesmas porcentaxes, na segunda oportunidade de xullo (ver apartado 4). 4. O alumno-a alumna que na primeira oportunidade non supere globalmente a materia segundo os criterios anteriormente expostos poderá recuperala totalmente ou parcialmente na oportunidade de xullo (na data, hora e lugar recollidos no calendario oficial de exames da facultade) segundo



as porcentaxes e criterios expresados máis arriba.4.1. De suspender a materia na primeira oportunidade por non acadar a puntuación mínima nos exames escritos ou no exame oral, deberá facelo(s) de novo na segunda oportunidade. A data, lugar e hora de realización do exame oral da segunda oportunidade comunicarase durante a realización do exame escrito.4.2. De suspender a materia na primeira oportunidade por non acadar a puntuación mínima nas actividades, deberá realizar para a segunda oportunidade unha serie de tarefas substitutivas nas que terá que demostrar ter acadado as competencias da materia nas distintas destrezas. O profesorado da materia fará públicas xunto coas notas da oportunidade de xuño de 2015 as instrucións correspondentes (actividades asignadas, datas de recollida e entrega, etc.).4.3. De suspender a materia na primeira oportunidade e ter unha puntuación de 0 punto no apartado de asistencia en cada parte da materia, a porcentaxe asignada a este apartado (5%) engadirase a unha das partes que haxa que recuperar, nesta orde de prelación: a) exame escrito; b) actividades; c) exame oral.5. En cada oportunidade de avaliación o alumno-a alumna recibirá a calificación NP de se dar simultaneamente estas dúas situacións: se non se presentar a ningunha das probas oficiais de avaliación (escritas e oral) ou se o número de actividades presentadas for igual ou inferior ao 25% das programadas en cada parte da materia.6. O estudantado a tempo parcial que teña concedida a dispensa académica pode, sen asistir ás aulas, realizar e entregar as actividades programadas segundo o disposto no apartado 2.3 (as actividades presenciais serán substituídas por outras non presenciais equivalentes). En caso contrario, aplicaráselle o establecido no apartado 4.2. En calquera caso, a porcentaxe asignada en cada parte da materia á asistencia (5%) reasignarase como se indica no apartado 4.3.



Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- BADCY, J.; GREAVES, I.; PETETIN, A. (1997). Conjugaison. 350 exercices. 1 000 verbes à conjuguer. Paris: Hachette F.L.E.- FERNÁNDEZ BALLÓN, M.; MONNERIE-GOARIN, A. (1987). Gramática esencial del francés. Paris-Madrid: Hachette-SGEL.- BOULARÈS, M. (1997). Grammaire progressive du français avec 400 exercices. Niveau avancé. Paris: CLE International.- BADCY, J.; GREAVES, I.; PETETIN, A. (1996). Grammaire. 350 exercices. Niveau débutant. Paris: Hachette F.L.E.- DELATOUR, Y. (1996). Grammaire. 350 exercices. Niveau moyen. Paris: Hachette F.L.E.- (1999). Gran diccionario español-francés/français-espagnol. Paris: Larousse.- (1997). La Conjugaison pour tous. Dictionnaire de 12 000 verbes. Paris: Hatier.- GAILLARD, B. (1995). Le français de A à Z. Paris: Hatier.- (1995). Le Nouveau Petit Robert. Dictionnaire de la langue française. Paris: Dictionnaires Le Robert.- DELATOUR, Y. (2004). Nouvelle grammaire du français. Paris: Hachette.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Idioma Moderno: Francés/613G03016

Idioma Moderno 2: Francés/613G03029

Idioma Moderno 3: Francés/613G03033

Observacións

Recoméndaselle ao alumnado que lea atentamente esta guía docente: nos seus diferentes apartados atopará resposta a moitas preguntas que lle xurdan sobre a concepción, organización e obxectivos do curso. Non dubide en acudir ao profesorado para aclarar calquera cuestión ao respecto.

Debe prestar especial atención aos seguintes aspectos:

? Realice puntualmente as actividades encomendadas. Os retrasos acumulados prexudican a evolución da súa aprendizaxe e o desenvolvemento progresivo de competencias, e fan que o seu aproveitamento sexa progresivamente menor; ademais, lembre que, agás causa xustificada, e sempre co acordo expreso do profesorado, non se permite a entrega de actividades fóra do prazo establecido.

? Procure observarse a si mesmo e autoavaliarse, tomando conciencia das súas carencias e dos seus avances.

? As súas exposicións ou intervencións escritas e orais deben ser adecuadas ao nivel de estudos no que se atopa e á actividade que está a desenvolver.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías